

UNIVERSIDADE DE VIGO

MEMORIA ANUAL

TRIBUNAL DE GARANTÍAS

XANEIRO DE 2009 – DECEMBRO DE 2009

ÍNDICE

- PRESENTACIÓN
- COMPETENCIAS XURÍDICAS DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS
- MODOS DE ACTUACIÓN DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS
- PARTE I: ENTREVISTAS QUE DERON LUGAR A CONSULTAS, INTERVENCIÓNS E AVENENCIAS
- PARTE II: EXPEDIENTES
- PARTE III: ACTUACIÓNS DE OFICIO
- PARTE IV: XII ENCONTRO ESTATAL DE DEFENSORES UNIVERSITARIOS
- PARTE V: REFLEXIÓNS XERAIS E RECOMENDACIÓNS
- ANEXOS:
 - a) ENTIDADES ÁS QUE PERTENCE O TRIBUNAL DE GARANTÍAS
 - b) NORMATIVA POLA QUE SE REXE O TRIBUNAL DE GARANTÍAS

1 PRESENTACIÓN

É preceptivo, de acordo do normativa que rexe o funcionamento do Tribunal de Garantías, presentar unha Memoria Anual que, pormenorizadamente, dea conta de toda a casuística relacionada coas actuacións realizadas, así como tamén as Recomendacións que este órgano levou a cabo ao longo do ano 2009.

A función principal ante os conflitos que se suscitan é evitar, tanto como sexa posible, o recurso a institucións xurídicas por causa das queixas que se producen no ámbito universitario, utilizando procedementos dotados de flexibilidade.

A Memoria Anual que se presenta ante o Claustro Universitario, de quen depende, constitúe o principal mecanismo de que dispón para persuadir ás autoridades académicas e conseguir así a efectividade necesaria, téndose realizado con absoluta independencia e autonomía.

Así pois, e en función das directrices que se acaban de sinalar, o contido do texto preséntase dividido en cinco partes diferenciadas. Unha fai referencia ás consultas e intervencións levadas a cabo a partir das entrevistas persoais ou colectivas ou tamén por escritos recibidos vía correo electrónico. En relación con este tipo específico de actuacións, hai que manifestar que as entrevistas – consultas non son sempre sinónimo de conflito. En ocasións, o recorrente busca que se lle oriente, que lle dean unha opinión sobre o seu problema e que se lle escoite. Este labor foi moi satisfactorio ao permitir tratar a un colectivo universitarios que nos ensinou moito sobre a vida cotiá na nosa universidade.

Una segunda parte céntrase nas actuacións, a instancia de parte, que conlevan o ditame de expedientes cando se esgotan as vías de consenso ou por observar indicios de unha violación dos dereitos de calquera membro do colectivo universitario ante unha determinada actuación académica.

Nunha terceira parte detállanse as actuacións de oficio que conlevan a publicación de dous monografías:

Estudo do grao de satisfacción do alumnado coa universidade: aplicación á Universidade de Vigo.

Estudo sobre a transición do alumnado ao traballo.

Os detalles e conclusións sobre as ponencias que se presentan no XII Encontro Estatal de Defensores Universitarios (Zaragoza) sobre: “Discapacidade e adaptación curricular”, “Conciliación da vida académica, laboral e familiar” e “TICs, plataformas e-learning e dereitos universitarios”, desenvólvense nunha cuarta parte.

Finalmente, nun último apartado, descríbense suxestións e recomendacións, a modo de conclusións.

Un anexo que recompila: a) As entidades ás que pertence o Tribunal de Garantías e b) normativa pola que se rexe este Tribunal, completan a memoria presentada.

Os membros deste Tribunal de Garantías agradecen a axuda e colaboración recibidas do colectivo universitario no desenvolvemento das súas funcións.

Luis Espada Recarey

COMPETENCIAS XURÍDICAS DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS

A Lei Orgánica 6/2001 de Universidades, de 21 de decembro, na súa Disposición adicional decimo cuarta, establece que:

“Para velar polo respecto aos dereitos e ás liberdades dos profesores, estudantes e persoal de administración e servizos, ante as actuacións dos diferentes órganos e servizos universitarios, as Universidades establecerán na súa estrutura organizativa a figura do Defensor Universitario. As súas actuacións, sempre dirixidas cara á mellora da calidade universitaria en todos os seus ámbitos, non estarán sometidas a mandato imperativo de ningunha instancia universitaria e virán rexidas polos principios de independencia e autonomía.

Corresponderá aos Estatutos establecer o procedemento para a súa elección ou designación, duración do seu mandato e dedicación, así como o seu réxime de funcionamento”.

A lei fai igualmente referencia ao Defensor Universitario cando, referíndose aos dereitos e deberes dos estudantes (art. 46), sinala que os estudantes terán dereito *“á garantía dos seus dereitos, mediante procedementos adecuados e, no seu caso, a actuación do Defensor Universitario”* (art. 46.2.h).

MODOS DE ACTUACIÓN DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS

Nesta intervención preceptiva perante este claustro, que lle corresponde levar a cabo ao Tribunal de Garantías para dar a coñecer as peculiaridades e características das súas actuacións, pormenorizadas nesta memoria anual, abranguen un período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2009 e o 31 de decembro de 2009, que se corresponde, polo tanto, practicamente, coa totalidade do pasado ano.

As modalidades técnicas de actuación practicadas polo Tribunal de Garantías son as seguintes:

Consultas.- Trátase da actuación máis frecuente e áxil. Permite cumprir co duplo obxectivo de orientar e informar os membros da comunidade universitaria sobre as reclamacións e problemas que presentan e que estean relacionados coas actuacións dos diferentes órganos da Universidade, así como con outras actividades da vida universitaria.

Intervencións.- Corresponden ás actuacións que se fan necesarias como consecuencia da natureza do problema presentado na consulta correspondente ou polas características do mesmo, e tamén co fin de previr a radicalización dos conflitos. Realízanse mediante xestións persoais, ou por outros medios, tanto ante os responsables dos órganos universitarios que poden dar unha solución rápida a tales problemas ou que proporcionen a información necesaria, como ante as partes afectadas. Estas dilixencias, así como as consultas, permiten resolver reclamacións sen ningún tipo de actuación por escrito e non requiren burocracia, quedando, en todo caso, constancia interna das xestións realizadas, así como do resultado destas.

Reclamacións.- Naqueles casos en que se presente e se admita a trámite unha reclamación na oficina do Tribunal de Garantías, resulta obrigado realizar actuacións conforme o seu regulamento. Antes de utilizar este procedemento de queixa, o reclamante adoita facer uso dalgún dos mecanismos de reclamación de que dispón a administración universitaria e que estean descritos nos Estatutos e regulamentos da Universidade, así como na restante normativa legal vixente. Neste sentido, bastantes das reclamacións tramitadas pasaron, previamente, por actuacións de consulta (e/ou de intervención) que, por unha ou outra razón, non permitiron alcanzar unha solución previa á reclamación despois tramitada.

Mediacións e conciliacións.- Son actuacións que se realizan a petición expresa dun membro da comunidade ou dun colectivo, así como dalgunha autoridade académica. Este procedemento de actuación como mediador é desexable que sexa asumido, cada vez máis, como fórmula para darlles solución aos problemas da vida universitaria. Trátase dunha vía de actuación en que as partes implicadas deben sentarse, de común acordo, arredor dunha mesa para solucionar as súas diferenzas coa mediación do Tribunal de Garantías.

Actuacións de oficio.- Trátase de actuacións realizadas a iniciativa do propio Tribunal de Garantías ante a manifesta existencia de actos e resolucións da Universidade que supoñan aclaracións dos dereitos dos membros da comunidade universitaria. A actuación de oficio sempre implica actuacións por escrito e, nalgúns casos, a publicación de monografías e informes.

Recomendacións e suxestións.- Corresponden ás recomendacións que debe realizar o Tribunal de Garantías tras a tramitación das actuacións derivadas das reclamacións presentadas. Remítese copia tanto ao interesado como ao afectado pola reclamación e/ou á autoridade académica responsable para que, no seu caso, revise a súa actuación. En ocasións, se se ten o convencemento de que o cumprimento rigoroso dunha norma pode provocar algunha situación inxusta ou prexudicial para a comunidade, recoméndase a modificación da mesma, utilizando as suxestións para solicitar un cambio nas actuacións xa realizadas.

Por outra parte, e tamén para un mellor seguimento das recomendacións ditadas sobre os expedientes analizados, estas agrúpanse en:

POSITIVAS: refírense ao ditame elaborado polo Tribunal, en que se conclúe coa defensa do recorrente, en canto que se violaron algúns dos dereitos académicos e se propón a rectificación das resolucións citadas.

NEGATIVAS: este baremo abrangue os expedientes que, unha vez analizados, o Tribunal de Garantías considera que non se violaron os dereitos académicos do recorrente, e, polo tanto, desestímase a queixa presentada.

INFORMATIVAS: utilízase esta denominación cando o Tribunal de Garantías vai informando sistematicamente ao recorrente de todos os pasos que debería seguir con relación ao caso presentado, así como dos informes solicitados para un mellor coñecemento dos feitos, e dos que se dea conta ao recorrente para que poida actuar en consecuencia.

CONCILIADORAS: emprégase este termo para definir aqueles expedientes que culminan cun achegamento das posturas relacionadas co motivo da queixa.

Noutra orde de cousas, e desde o punto de vista organizativo, o Tribunal reuniuse en sesións deliberantes. En todas elas se analizaron os temas e se puxeron de manifesto, en ocasións, distintas ópticas sobre a forma de resolución ou recomendación. Non obstante, en todos os casos, o texto final redactado foi consensuado, ao igual que o contido da memoria presentada.

PARTE I:

ENTREVISTAS QUE DERON LUGAR A
CONSULTAS, INTERVENCIONES E AVENENCIAS

SECTOR ALUMNADO: 69

1. Revisión de exames (24).
2. Horarios bibliotecas (8).
3. Sistema de avaliación curricular (8).
4. Créditos de libre elección (6).
5. Proxectos fin de carreira planos de estudio non vixentes (5).
6. Peche de actas (4).
7. Regulamento de exames (3).
8. Coincidencia de exames (3).
9. Modificación da data de exames (2).
10. Traslado de expediente (2).
11. Cambio de sistema de corrección de exames (2).
12. Validación materia (2).

SECTOR PDI: 13

1. Aparcamiento (4).
2. Comentarios ofensivos aparecidos en internet (3)
3. Situación de baixa por enfermidade (2).
4. Renovación de contrato de Profesor Asociado (2).
5. Distribución espazo por obras (1).
6. Anulación exercicio oposición (1).

Constátase, unha vez máis, que o tema relacionado coa revisión de exames ocupa o primeiro lugar seguido da temática sobre avaliación curricular, ao igual que en anos anteriores. Non obstante, obsérvase a aparición dun novo tipo de consultas sobre PFC de estudos non vixentes debido á necesidade de concluílos e por iso sobre a súa terminación. Igualmente destácanse as consultas que conlevan intervencións en temas de horarios de bibliotecas.

En relación ao sector PDI, vólvense a suscitar aspectos sobre comentarios ofensivos aparecidos en internet, al igual que en pasados anos.

PARTE II:

EXPEDIENTES

EXPEDIENTE 1

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: queixas pola denegación da devolución do pagamento da tarxeta deportiva, sen tela utilizado todo o tempo ao que tiña dereito; pola non exención das taxas de Terceiro Ciclo sendo bolseiro FPU e pola non emisión do diploma de asistencia a un curso de formación.

DOCUMENTACIÓN:

- Dous escritos do interesado: queixándose pola denegación da devolución do pagamento da tarxeta deportiva, sen tela utilizado todo o tempo a que tiña dereito; e pola non exención das taxas de Terceiro Ciclo sendo bolseiro FPU.
- Solicitud de información á Vicerreitoría de Extensión cultural e estudantes.
- Informe da Vicerreitoría comunicando que non se devolven as taxas por motivos alleos á universidade e cando xa se empezaron a utilizar os servizos.
- Novo escrito do interesado: queixándose pola non emisión do diploma de asistencia a un curso de formación, por non estar debidamente acreditada a asistencia completa ao mesmo.
- Solicitud de informe á Asesoría Xurídica sobre a exención de taxas de Terceiro Ciclo como bolseiro FPU.
- Escrito dirixido ao interesado comunicándolle que ten que esperar resposta da Vicerreitoría correspondente, no caso da acreditación de asistencia a un curso de formación, para que este Tribunal poida actuar.
- Escrito dirixido ao interesado comunicando que non se vulneraron os seus dereitos no caso da tarxeta deportiva e remitindo copia do informe da Vicerreitoría correspondente.
- Escrito do interesado reiterando a súa petición de expedición do certificado de asistencia, e achegando copia do escrito remitido pola Vicerreitoría de Formación e Innovación Educativa.
- Resposta do Tribunal a este novo escrito comunicándolle que non se consideran vulnerados os seus dereitos e que as decisións do mesmo non son susceptibles de recurso.
- Escrito do Tribunal dirixido a Terceiro Ciclo solicitando información sobre a denegación da bolsa sendo o interesado bolseiro FPU.
- O mesmo escrito dirixido á Asesoría Xurídica.
- Remisión por parte do Terceiro Ciclo da documentación solicitada.

- Novo escrito do interesado dirixido a este Tribunal e ao Terceiro Ciclo reiterando a súa solicitude.
- Escrito ao interesado comunicándolle que o Terceiro Ciclo vai tramitar a súa solicitude como un recurso, polo que o Tribunal de inhibe.

RECOMENDACIÓN NEGATIVA.

EXPEDIENTE 2

COLECTIVO: profesorado.

TEMA: reclamación pola falta de resposta do Reitor á súa solicitude de recoñecemento do seu traballo desenvolvido en Francia.

DOCUMENTACIÓN:

- Escrito do interesado queixándose da falta de resposta do Reitor á súa solicitude de recoñecemento do seu traballo desenvolvido en Francia.
- Escrito ao Reitor solicitando contestación.
- Copia do escrito do Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado dirixido ao interesado.
- Escrito do Tribunal ao interesado para dar por pechado o expediente dado que xa recibiu resposta do Vicerreitor de Organización Académica e Profesorado.
- Novo escrito do interesado comunicando que cursaba un recurso de reposición ao Reitor.
- Chamada telefónica do profesor preguntando pola tramitación do seu recurso de reposición, ao que se lle contesta que ten que poñerse en contacto coa Reitoría, dado que non é competencia do Tribunal.
- Escrito do interesado no mesmo sentido da chamada telefónica.
- Escrito do Tribunal ao Reitor solicitando a rápida resposta ao recorrente.
- Resposta ao interesado achegándolle copia do escrito remitido por este Tribunal ao Reitor.
- Novo escrito do profesor solicitando a intervención deste Tribunal dado que nuns días vence o prazo para que o Reitor resolva o seu recurso.
- Escrito ao interesado comunicándolle que o seu expediente foi remitido á Asesoría Xurídica para que emita un ditame xurídico sobre o seu caso, tal como el solicitaba.
- Informe da Asesoría Xurídica comunicando que o non recoñecemento do traballo do interesado en Francia é conforme a dereito.
- Remisión da copia do informe ao interesado comunicándolle o peche do expediente.

RECOMENDACIÓN NEGATIVA:

EXPEDIENTE 3

COLECTIVO: profesorado

TEMA: Reclamación por non terse celebrado eleccións á Comisión Permanente da Xunta da Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Industrial.

DOCUMENTACIÓN:

- Reclamación do interesado por non terse celebrado eleccións á Comisión Permanente da Xunta da Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Industrial.
- Escrito á Dirección do centro solicitando información.
- Resposta da Dirección da escola comunicando que xa se iniciaron os trámites para as eleccións motivo da queixa.
- Escrito do Tribunal ao interesado dando por pechado o seu expediente dado que xa se deu solución á súa solicitude.
- Escrito da Dirección do Centro comunicando que xa se celebraron as eleccións ás que o interesado non se presentou.

RECOMENDACIÓN POSITIVA

EXPEDIENTE 4

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: Revisión exame.

DOCUMENTACIÓN:

- Instancia da interesada solicitando a revisión do exame correspondente unha materia.
- Escrito dirixido á dirección do departamento correspondente solicitando copias seladas do exame e dos criterios de avaliación.
- Resposta do Departamento comunicando que a alumna non consta nas actas do centro de Ourense.
- Escrito á Dirección do Departamento comunicando que a interesada está matriculada na Facultade de Pontevedra.
- Remisión por parte do departamento das copias solicitadas.
- Remisión das copias do exame e criterios de avaliación a un tribunal externo.
- Escrito do tribunal externo comunicando o resultado da corrección.
- Escritos á interesada e ao departamento correspondente comunicando a decisión do tribunal externo

RECOMENDACIÓN NEGATIVA.

EXPEDIENTE 5

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: Reclamación do interesado por non poder realizar noutra data, por motivos xustificadas, o exame dunha materia, ao abeiro do artigo 12 do Regulamento de Estudantes, a pesar da decisión favorable tomada pola Comisión Académica da Escola.

DOCUMENTACIÓN:

- Reclamación do interesado.
- Escrito dirixido ao Reitor solicitando a súa intervención.
- Remisión ao interesado da copia do escrito dirixido ao Reitor.
- Copia do escrito que o Reitor remitiu ao interesado e á dirección da Escola.
- Escrito do Tribunal ao recorrente dando por pechado o expediente.
- Mensaxe de correo electrónico do alumno comunicando que o exame tivo lugar e explicando en que condicións.

RECOMENDACIÓN POSITIVA.

EXPEDIENTE 6

COLECTIVO: alumnado

TEMA: Consulta sobre o procedemento para a reclamación dun exame cando se trata dunha materia dunha titulación propia da Universidade de Vigo e solicitude de exención de taxas.

DOCUMENTACIÓN:

- Correo electrónico do interesado no que fai a súa consulta sobre.
- Remisión da consulta vía correo electrónico á Asesoría Xurídica para que informe.
- Informe da Asesoría Xurídica sobre a consulta, no que di que o alumno ten dereito á reclamación para o que se debería habilitar un procedemento para estes casos.
- Novo correo electrónico preguntando cal é o procedemento a seguir cunha reclamación de exame dunha materia dunha titulación propia.
- Novo escrito do interesado reiterando as súas queixas.
- Escrito dirixido ao Reitor para que interveña neste tema.
- Remisión ao recorrente por parte do Tribunal de Garantías da copia do escrito enviado ao Reitor.

- Escrito deste Tribunal ao interesado decaendo da súa responsabilidade neste expediente polas peculiaridades da súa solicitude: necesita que a Universidade poña á súa disposición unha pasarela, modelos, perruquería, maquillaxe, etc.
- Novo escrito do interesado reiterando as súas queixas.
- Novo escrito do interesado reiterando as súas queixas.
- Novo escrito do interesado reiterando as súas queixas.
- Novo escrito do interesado reiterando as súas queixas.
- Novo escrito do interesado reiterando as súas queixas.
- Novo escrito do interesado reiterando as súas queixas.
- Escrito da Vicerreitoría de Formación e Innovación Educativa achegando copia do que lle remitiu ao interesado, no que lle indica o procedemento a seguir.
- Escrito ao interesado comunicándolle o arquivo do seu expediente.
- Correo electrónico do interesado solicitando exención de prezos públicos e devolución das taxas aboadas na titulación propia da Universidade de Vigo que está cursando.
- Resposta deste Tribunal polo mesmo medio comunicándolle que a R.R. de exención de taxas so contempla as titulacións oficiais e non as propias.

RECOMENDACIÓN NEGATIVA.

EXPEDIENTE 7

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: Non validación dunha materia nun POP.

DOCUMENTACIÓN:

- Escrito da interesada solicitando a intervención do Tribunal de Garantías para a obtención da validación dunha materia aprobada na Licenciatura de Ciencias Económicas e Empresariais na Universidade Complutense de Madrid, no POP que estaba cursando, e que lle foi denegada.
- Solicitude de informe á Asesoría Xurídica.
- Remisión por parte da Secretaría Xeral do informe solicitado comunicando que o Tribunal non pode actuar porque a resolución recibida pola interesada esgota a vía administrativa, pero que si que ten dereito a coñecer os motivos polos que non se lle valida a materia.
- Escrito á interesada no sentido do informe citado e comunicándolle que se da orden ao Decano para que lle permitan ver os informes nos que se basea a denegación da validación.

- Escrito ao Decano mencionado no parágrafo anterior.
- Novo escrito da recorrente comunicando a súa desconformidade co informe emitido pola Asesoría Xurídica.
- O expediente volve a remitirse ao Asesor para un novo estudo do mesmo.
- Informe Asesoría Xurídica ratificándose no emitido anteriormente.

RECOMENDACIÓN POSITIVA.

EXPEDIENTE 8

COLECTIVO: profesorado.

TEMA: problemas para obter unha certificación.

DOCUMENTACIÓN:

- Escrito do interesado queixándose dos problemas para obter unha certificación para presentar na ANECA. Resumo cronolóxico dos feitos:
 - o 15-04-09 solicitou por correo electrónico á Vicerreitoría de Titulacións e Convergencia Europea e á Secretaría Xeral certificación da súa docencia impartida. (Achegou documentación)
 - o 05-05-09 chamou á Secretaría Xeral preguntando pola certificación e lle comunicaron que non tiñan recibido a solicitude, polo que volve a enviar o correo electrónico e a persoa que o atendeu na Secretaría Xeral comunicalle que xa tiña dado traslado da súa petición á Vicerreitoría antes citada, con data 16-04-09.
 - o 05-05-09 chamou á Vicerreitoría, e despois de pasalo con distintas persoas lle comunicaron que o tiñan trasapelado e que aínda o estaban tramitando.
 - o 12-05-09 recibiu un correo electrónico da Secretaría Xeral enviándolle copia da certificación, na que descubre varios erros: DNI incorrecto, non incluía as datas da docencia impartida e non sinalaba que o POP tiña mención de calidade, polo que informou dos devanditos erros.
 - o 12-05-09 chamou á Vicerreitoría para comunicar os erros atopados na certificación, achegando de novo toda a documentación, e a persoa que o atendeu lle díxolle que é nova e non sabía do tema pero que repetiría a certificación e lla mandaría.
 - o 12-05-09 recibe un novo borrador con erros remitido polo Negociado de Xestión de Posgrao e Formación Continua, corríxeos e o mesmo día devolve a certificación corrixida

- 20-05-09 aínda non recibiu a certificación solicitada. Chamou de novo á Vicerreitoría e a persoa responsable dille que non sabía nada do tema, pero que preguntaría e o chamaría. Cando consultou o correo electrónico atopou unha mensaxe na que lle dicían que lle remitían a certificación.
- Escrito deste Tribunal dirixido á Secretaría Xeral queixándose polo mal funcionamento neste tema.
- Escrito ao interesado achegando copia do escrito anterior e dando por pechado o expediente.
- Escrito da Secretaría Xeral dando explicacións do procedemento.

RECOMENDACIÓN POSITIVA.

EXPEDIENTE 9

COLECTIVO: profesorado.

TEMA: renovación de contrato.

DOCUMENTACIÓN:

- Escrito do interesado no que solicita a intervención do Tribunal de Garantías para que o seu contrato administrativo sexa renovado ao amparo da Transitoria 4ª da LOU.
- Resposta ao interesado comunicándolle que este tribunal é a última instancia e que primeiro ten que poñerse en contacto cos órganos competentes.
- Remisión do interesado dun correo electrónico achegando copias das prórrogas do seu contrato.
- Solicitud de informes á Asesoría Xurídica.
- Remisión do expediente á Vicexerencia de Persoal por parte da Secretaría Xeral, seguindo as indicacións da Asesoría Xurídica.
- Escrito da Vicexerencia de Persoal na que se indica cál é a prórroga que ten na actualidade o interesado.
- Resposta á Vicexerencia de Persoal comunicando que o dato que aporta xa estaba en poder deste Tribunal de Garantías e que o que se solicita é que informen sobre se a solicitude do interesado se axusta a dereito ou non.
- Novo escrito á Vicexerencia urxindo unha resposta ao escrito anterior.
- Resposta da Vicexerencia de Persoal informando da situación do interesado, indicando que non se vulneraron os seus dereitos.
- Remisión da copia do informe da Vicexerencia ao interesado dando por pechado o expediente.

RECOMENDACIÓN NEGATIVA.

EXPEDIENTE 10

COLECTIVO: profesorado.

TEMA: denegación da organización dun curso de posgrao.

DOCUMENTACIÓN:

- Escrito presentado por varios profesores da Facultade de Filoloxía e Tradución solicitando do Tribunal de Garantías a súa intervención para coñecer os motivos da denegación da organización dun Curso de Posgrao en Tradución Multimedia. Feitos:
- No ano 2005 entregaron no Rexistro da Universidade a documentación para a organización dun Curso de Posgrao en Tradución Multimedia.
- Que a proposta foi informada favorablemente pola Comisión Permanente da Facultade de Filoloxía e Tradución.
- Que a COAP rexeitou a proposta con data 10-02-06, sen motivación.
- Que nunha entrevista coa Vicerreitora correspondente non conseguiron aclarar o tema.
- Que pasados dous anos enviaron un novo escrito e só recibiron como contestación copia da acta da COAP, onde non ven motivación ningunha.
- Escrito á Asesoría Xurídica solicitando que informen sobre a prescrición ou non dos feitos motivo da queixa.
- Escrito deste Tribunal ao Presidente da COAP solicitando que se dea resposta motivada aos interesados, a pesar do tempo transcorrido.
- Escrito aos interesados achegando copia do anterior e comunicando que se entrou no fondo dos feitos a pesar do extemporáneo da solicitude.

RECOMENDACIÓN POSITIVA.

EXPEDIENTE 11

COLECTIVO: profesorado.

TEMA: utilización indebida da propiedade intelectual nunha tese.

DOCUMENTACIÓN:

- Solicitude do interesado na que relata os seguintes feitos:
- Que colaborou no programa Sócrates Comenius da Unión Europea entre os anos 2003 e 2006, nos centros IES A Xunqueira e IES de Poio, e que baixo este programa tiveron lugar, no mesmo período de tempo as Semanas da Ciencia nos mencionados institutos.
- Que a raíz do programa fixéronse publicacións conxuntas dos participantes.

- Que non consta a aportación do director da tese ás mencionadas actividades.
- Que na convocatoria extraordinaria das probas de avaliación de suficiencia investigadora do programa de doutoramento de física o tribunal concedeulle a cualificación de APTO ao alumno que se presentara.
- Que a xustificación das publicacións presentada polo mencionado alumno se relaciona co traballo realizado polo mesmo durante as Semanas da Ciencia que tiveron lugar no IES a Xunqueira e o da súa muller do IES de Poio durante os anos 2004-06.
- Que estas publicacións teñen autoría compartida, tendo participado nas mesmas o reclamante entre outros.
- Que con data 20-02-09, solicitou como Co-Coordinador do Programa de Doutoramento de Física Aplicada a inclusión na Comisión de Doutoramento do Departamento de Física Aplicada dun punto na orde do día para que, de se-lo caso, se levaran a cabo os trámites necesarios para modificar a cualificación outorgada ao citado alumno.
- Que na reunión da citada Comisión de Doutoramento, á que foron infitados o alumno e o titor da tese, acordouse, por unanimidade, trasladar a petición de cambio de nota ou non, ao tribunal que xulga as probas do DEA, tras solicitude de informe á Asesoría Xurídica.
- Que a Asesoría Xurídica, con data 18-03-09, informa que o acordo acadado pola comisión de doutoramento do departamento, debe ser comunicada á Comisión de Estudos de Posgrao, que debe decidir se procede a constitución de novo do mencionado tribunal.
- Con data 27-03-09 a Comisión de Estudos de Posgrao trata a solicitude enviada polo Departamento de Física Aplicada, acordando que a devandita solicitude debe ser avalada polo consello do departamento correspondente.
- Con data 29-04-09 a Comisión de Estudos de Posgrao decide suspender cautelarmente a emisión do DEA ao alumno causante do conflito.
- O Consello de Departamento de Física Aplicada ratifica por unanimidade o acordo da Comisión de Doutoramento con data 20-05-09, do que se da traslado á Comisión de Estudos de Posgrao.
- Con data 25-05-09 a Comisión de Estudos de Posgrao encarga un informe a tres profesores membros da mesma, a partir do cal a comisión tomará unha decisión.
- Con data 25-07-09, a Comisión de Estudos de Posgrao non considera pertinente que se reúna de novo o Tribunal Único do Programa de Física Aplicada para avaliar de novo

ao alumno, e que, polo tanto, a cualificación da proba de DEA sexa modificada. O que se notifica ao Departamento.

- O interesado solicita a este Tribunal de Garantías o seguinte:
 - o Que se soliciten as actas das reunións da Comisión de Estudos de Posgrao nas que foron tratados os feitos.
 - o Que se solicite á citada comisión o informe realizado polos tres profesores membros da mesma.
 - o Que se soliciten á Asesoría Xurídica os informes realizados sobre o tema.
 - o Que se solicite, ante a Comisión de Estudos de Posgrao a constitución de novo do tribunal xulgador das probas do DEA.
 - o Que se solicite, ante a citada comisión, a constitución, de se-lo caso, dun novo e diferente tribunal.
- Escrito á Presidenta da Comisión de Posgrao solicitando copias da acta e dos informes.
- Escrito á Asesoría Xurídica solicitando copia do informe.
- Remisión da copia do informe solicitado á Asesoría Xurídica.
- Escrito da Vicerreitoría correspondente achegando copia de todo o expediente.
- Escrito deste Tribunal ao interesado comunicando que este non pode entrar valorar a decisión da Comisión de Posgrao, e que se o recorrente considera que a actuación do autor do DEA constitúe unha utilización indebida da súa propiedade intelectual, pode dirixirse aos tribunais de xustiza correspondentes

RECOMENDACIÓN NEGATIVA.

EXPEDIENTE 12

COLECTIVO: alumnado

TEMA: cualificación dun exame.

DOCUMENTACIÓN:

- Queixa do interesado pola forma de cualificar un exame o profesor.
- Escrito dirixido ao profesor preguntando se só se tivo en conta a parte teórica do exame.
- Escrito do profesor comunicando que só se tivo en conta a parte teórica.
- Escrito dirixido ao profesor preguntándolle cómo se chegou á nota que consta na acta.
- Novo escrito ao profesor reiterando a petición
- Escrito dirixido ao Reitor dándolle conta dos feitos e solicitando a súa intervención.

- Escrito do profesor reiterando os seus argumentos e comunicando que o alumno aprobou a materia na convocatoria de febreiro.

EN TRAMITACIÓN

EXPEDIENTE 13

COLECTIVO: profesorado.

TEMA: non renovación de contrato.

DOCUMENTACIÓN:

- Escrito da interesada queixándose pola non renovación do seu contrato como profesora asociada.
- Escrito dirixido á Secretaría Xeral solicitando información sobre o tema.
- Escrito da Secretaría Xeral achegando toda a documentación sobre o caso.
- Escrito á interesada comunicándolle que non se vulneraron os seus dereitos ao non renovarlle o contrato.
- Escrito ao Reitor recomendando que se estableza un protocolo único na Universidade para estes casos cun procedemento garantista dos principios de igualdade, mérito e capacidade, e con criterios de selección obxectivos e previamente coñecidos.

RECOMENDACIÓN NEGATIVA.

EXPEDIENTE 14

COLECTIVO: alumnado.

TEMA: non emisión do Suplemento Europeo ao Título.

DOCUMENTACIÓN:

- Queixa, por medio do correo electrónico, do interesado que está en Polonia realizando a súa tese doutoral, por non ter recibido resposta á súas solicitudes de información sobre o prazo de entrega do Suplemento Europeo ao Título.
- Escrito á Vicerreitora de Titulacións e Converxencia Europea solicitando información sobre o retraso na entrega do SET e a non resposta ás solicitudes de información por parte do interesado.
- O mesmo escrito á Xerencia.
- Escrito da Xerencia comunicando que se manda á imprenta o SET do interesado, para a súa emisión, en lote separado e a través dun procedemento extraordinario.
- Comunicación ao interesado da contestación da Xerencia.

RECOMENDACIÓN POSITIVA.

RESUMO DE EXPEDIENTES:

Número total: 14	%
Sector estudantes: 7	50,0
Sector PDI: 7	50,0

RECOMENDACIÓNS:

Positivas: 6	42,9%
Negativas: 7	50,0%
En trámite: 1	7,1%

RECOMENDACIÓN POR SECTORES	SECTOR ESTUDANTES	SECTOR PDI
POSITIVA	3	3
NEGATIVA	3	4
EN TRÁMITE	1	

POR TEMÁTICAS:

- Revisión de exame (2)
- Non renovación de contrato (2)
- Non devolución de taxas deportivas
- Non recoñecemento do tempo traballado en Francia
- Non celebración de eleccións no departamento
- Realización de exame noutra data por motivos xustificadas
- Non validación dunha materia dun POP
- Problemas para obter unha certificación
- Denegación non motivada da organización dun curso
- Utilización indebida da propiedade intelectual
- Forma de cualificación dun exame
- Non emisión do Suplemento Europeo ao Título

PARTE III:

ACTUACIONES DE OFICIO

ESTUDO DO GRAO DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO COA
UNIVERSIDADE
APLICACIÓN Á UNIVERSIDADE DE VIGO

Na firme crenza, compartida en xeral polo colectivo universitario, de que un grave problema que afecta á nosa universidade é o parcelamento da información, é por iso que se debe avogar por compatibilizar a autenticidade de cada universidade co seu pluralismo docente, a difusión dos seus coñecementos e a actitude do seu alumnado, sen esquecer que esta institución académica se debe á sociedade e esta lles esixirá, cada vez máis, que produza rendemento dos seus recursos, esforzos e dedicación.

A realización dun estudo específico sobre o grao de satisfacción do alumnado en relación á súa universidade pode servir para constatar as súas fortalezas e debilidades, as cales poderán utilizarse para ratificar ou rectificar as directrices que marcan as liñas de actuación desta institución académica.

Con este obxectivo, levouse a cabo unha enquisa entre o alumnado da Universidade de Vigo que estaba matriculado no curso 2008/09. Esta enquisa tenta cubrir unha ampla gama temática relacionada coa opinión que este colectivo ten sobre as características dos métodos de ensino – aprendizaxe utilizados, formas de avaliación dos seus coñecementos adquiridos, infraestruturas, equipamentos docentes, servizos sociais, bolsas de estudo, actividades culturais e deportivas, etc.

Editado polo Consello Social da Universidade de Vigo en 2009 (230 páxinas).

ESTUDO SOBRE A TRANSICIÓN DO ALUMNADO AO TRABALLO/ ESTUDIO
SOBRE LA TRANSICIÓN DEL ALUMNADO AL TRABAJO (en imprenta)

Este estudo está encamiñado a recoller información sobre a relación entre estudo e traballo do alumnado de último curso das titulacións pertencentes aos centros propios da Universidade de Vigo. Nun momento de crise económica como no que estamos e que empurra á procura de emprego, tamén recolle a imaxe dos estudantes entrevistados sobre as súas expectativas e sobre a súa inserción no mundo profesional.

A tal efecto foi aplicada, en Novembro de 2009, unha enquisa auto administrada a 881 estudantes e cuxos resultados son analizados de forma pormenorizada. Mediante esta

ferramenta foron abordados os comportamentos diferenciados dos estudantes con respecto ao inicio da súa vida laboral segundo o ámbito académico, campus e tipo de carreiras.

O obxectivo xeral deste estudo foi coñecer o comportamento dos estudantes universitarios na transición á vida laboral activa de acordo a:

O perfil dos estudantes universitarios analizados.

O acceso ao mercado de traballo en función do ingreso ao ensino universitario.

As características da ocupación e a súa afinidade cos estudos universitarios. As expectativas de inserción na vida profesional.

PARTE IV:

XII ENCONTRO ESTATAL DE DEFENSORES
UNIVERSITARIOS

CONCLUSIÓNS DO XII ENCONTRO ESTATAL DE DEFENSORES UNIVERSITARIOS
ZARAGOZA 2009

Mesa de traballo

“Discapacidade e adaptación curricular”

Coordinadores.

Ignacio Ugalde González

Defensor Universitario da Universidade de Sevilla

Juan Manuel López Alcalá

Defensor Universitario da Universidade de Cádiz

O seguinte texto é parte do informe “Universidades e discapacidade”, do Defensor del Pueblo Andaluz 2008.

“A adaptación de estudos para alumnado con discapacidade trátase dun dereito legalmente consagrado en diversas normas de aplicación ao ámbito universitario, tanto autonómicas como estatais e incluso internacionais. Neste sentido parece lóxico concluír que a cuestión non debe quedar exclusivamente ao arbitrio da boa vontade de cada universidade, senón que estas teñen a obriga legal de realizar estas adaptacións.

A Convención sobre os Dereitos das Persoas con discapacidade (2006), sinala, en canto á educación universitaria, que os Estados Partes asegurarán que as persoas con discapacidade teñan acceso xeral á educación superior e a aprendizaxe durante toda a vida sen discriminación e en igualdade de condicións coas demais. A tal fin, os Estados asegurarán que se realicen axustes razoables para as persoas con discapacidade.

En diversas leis estatais como autonómicas léxíslase neste sentido, establecendo, como norma xeral que, sen mingua do nivel esixido, as probas adaptaranse, no seu caso, ás características da minusvalía que presente a persoa interesada.

No caso concreto da lexislación andaluza, especifica que o alumnado que curse estudos universitarios poderá realizalo coas adaptacións que se consideren necesarias en determinadas materias ou prácticas, cando por limitación das súas capacidades estas susciten dificultades especiais e sempre que tales adaptacións non impidan alcanzar un desenvolvemento suficiente dos obxectivos previstos para estes estudos.

Cando se trata de determinar a interpretación estes dereitos é cando xorden voces discrepantes. Algúns entenden que a adaptación de estudos á que se refiren as normas debe

entenderse referida exclusivamente a adaptacións metodolóxicas, tanto na forma de impartir das materias para facelas accesibles ao alumnado con discapacidade, como na adaptación dos exames e probas de acceso.

Para outros, a adaptación de estudos inclúe a posibilidade de flexibilizar o currículo das materias impartidas para permitir a súa superación polo alumnado con discapacidade e a elaboración de itinerarios específicos para estes estudantes, diferentes dos que deben seguir o resto de alumnos.”

Xa no IV Encontro Nacional de Defensores Universitarios (2001) entendemos que un obxectivo da universidade debería ser o desenvolvemento normativo das adaptacións curriculares entendidas como modificacións de obxectivos, contidos, criterios e procedementos de avaliación para atender ás diferenzas individuais dos alumnos.

Neste sentido no Informe Especial do Defensor del Pueblo Andaluz sobre Universidades e Discapacidade, chégase ás seguintes conclusións:

“O dereito do alumno con discapacidade á adaptación de estudos inclúe os seguintes aspectos:

- Adaptacións metodolóxicas, tanto na forma de impartir as materias para facelas accesibles ao alumnado con discapacidade, como na adaptación dos exames e probas de acceso.
- Adaptacións curriculares, que supón a posibilidade de flexibilizar o currículo das materias impartidas para permitir a súa superación polos alumnos e alumnas con discapacidade e a elaboración de itinerarios específicos para estes estudantes, diferentes dos que deben seguir o resto dos alumnos.

Por tanto, as universidades deben aceptar a posibilidade de que existan adaptacións curriculares e itinerarios específicos para aqueles alumnos e alumnas que así o precisen e o demanden.

E para normalizar esas adaptacións de estudos, as universidades deben regularizar as condicións de exercicio deste dereito, protocolizando os procedementos de solicitude e recoñecemento e establecendo directrices para que os distintos planos de estudo impartidos contemplan esta posibilidade e prevexan a adaptación dos seus contidos.

O único límite ao recoñecemento do dereito de adaptación de estudos debe ser o fixado legalmente, isto é, que ditas adaptacións non impliquen mingua do nivel esixido, nin impidan ao alumnado con discapacidade alcanzar un desenvolvemento suficiente dos obxectivos previstos para eses estudos. Calquera outro límite ou condicionante que se

pretenda esgrimir para negar o goce deste dereito suporía unha vulneración da lexislación vixente.

Non obstante, é necesario precisar que a denegación dunha solicitude de adaptación de estudos non poderá nunca facerse apelando de forma xenérica a este límite legalmente establecido, senón que deberá estar debidamente motivada. Neste sentido, a resolución denegatoria deberá de acreditar suficientemente que a adaptación solicitada supón de feito unha mingua do nivel esixido ou impide un desenvolvemento suficiente dos obxectivos previstos para os correspondentes estudos.

Así mesmo, estimamos imprescindible que as universidades acometan un proceso de adaptación dos seus planos de estudo ás necesidades dos distintos tipos de discapacidade, para o cal resultaría conveniente que se creasen comisións encargadas de realizar estas adaptacións en cada especialidade universitaria, baixo a dirección do órgano de avaliación, planificación e seguimento das políticas de discapacidade que debería existir en cada universidade e contando co asesoramento de persoas expertas en discapacidade”.

Neste sentido, o Servizo de Atención á Discapacidade da Universidade de Cádiz, pon a disposición dos usuarios un extenso documento: “Orientacións para a planificación e o desenvolvemento de adaptacións curriculares”, no que pode lerse:

“A incorporación da universidade española ao Espazo Europeo de Educación Superior pode ser un momento crítico para a inclusión dos estudantes discapacitados na universidade. Cada unha das novas titulacións irá precedida dun catálogo de capacidades e competencias a conseguir que pode resultar un obstáculo insalvable para estes alumnos se non se contemplan explicitamente posibilidades alternativas para eles.

Non se trataría de recortar o carácter de capacidades a desenvolver, senón substituír unhas por outras. Esta medida non constituiría en ningún caso agravio comparativo, se ven acompañada dun cambio na certificación ou acreditación do currículo desenvolvido. A certificación única para cada titulación deixará paso a unha certificación cualitativa, que especifique os estudos que o alumno cursou. Esta medida lexitimará a posibilidade de realizar adaptacións curriculares nos casos nos que sexa necesario.

Se as adaptacións de acceso (adaptacións metodolóxicas) ao currículo resultan insuficientes, habería que proporse a posibilidade de realizar adaptacións do currículo establecido.

Isto pode ocorrer cando os obxectivos, contidos, estratexias didácticas e probas de avaliación dalgunha materia en particular requira capacidades funcionais coas que un alumno non conta.

Debería estar xa previsto no suposto de que se leve a cabo unha reflexiva e adecuada adaptación dos planos de estudo ás necesidades dos alumnos con diversidade funcional. No catálogo de capacidades e competencias aparecerían contempladas posibilidades alternativas para os alumnos que o requiran. En consecuencia, os contidos e as estratexias didácticas establecidos na planificación oficial das materias, tamén estarían axustados de antemán ás súas posibilidades funcionais.

A adaptación previa dos planos de estudo presenta a vantaxe adicional de constituír un inestimable referente á hora da elección de carreira. Non todas as titulacións tería por qué resultar igualmente idóneas para quen presente determinados tipos de diversidade funcional. Coñecer de antemán as esixencias permitiría realizar unha opción máis axustada ás capacidades efectivas de cada un.

Mentres non se leve a cabo esa adaptación dos planos de estudo, a responsabilidade de realizar as necesarias adaptacións do currículo establecido para garantir a igualdade de oportunidades dos alumnos con diversidade funcional recae no profesorado. Cada universidade establecerá as competencias para a súa realización e os procedementos a seguir”.

As anteriores reflexións deben servir de guía para unha adecuada discusión na Mesa Redonda que xunto ao resultado da enquisa que sobre os servizos de atención á discapacidade das distintas universidades, nos permitan obter e concluír algunhas opinións e recomendacións sobre as adaptacións curriculares.

Mesa de Trabajo

“Conciliación da vida académica, laboral e familiar”

Rosa María Galán Sánchez

Defensora Universitaria da Universidade Complutense de Madrid

Carlos María Alcover de la Hera

Defensor Universitario da Universidade Rey Juan Carlos

Co obxecto de adecuarse ás esixencias da Unión Europea, na última década produciuse en España un importante avance na lexislación, regulación e activación de políticas e prácticas destinada a incrementar a conciliación da vida laboral e familiar: Lei 39/1999, de 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras; Plan Concilia (plan integral de conciliación da vida laboral e familiar na

Administración Xeral do Estado), de 2005; ou Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Este esforzo lexislativo supón a consideración de que os conflitos e as tensións entre o profesional e o familiar sobrepasan o plano estritamente individualizado ou reducido a unha categoría de xénero (basicamente de mulleres), e alcanza unha dimensión colectiva (é dicir, que pode afectar a calquera persoa traballadora, con independencia do seu xénero, idade, categoría profesional, estadio da carreira en que se atopa, etc.), situacións que requiren en consecuencia a actuación dos poderes públicos e o diálogo cos axentes sociais (empresarios, organizacións sindicais, etc.).

Outras importantes iniciativas relacionadas coa conciliación poden atoparse, por exemplo, na Comisión Nacional para a Racionalización dos Horarios Españois e a súa Normalización cos demais países da UE, a cal, xunto á Asociación para a Racionalización dos Horarios Españois, elaboraron un Libro Branco e levaron a cabo diversas accións para potenciar un maior equilibrio entre o tempo de traballo e o dedicado á vida familiar e persoal.

Todo iso reflicte o significativo cambio que está experimentando o concepto de familia en España e nos países da UE, cambios nas opcións individuais de modalidades de convivencia e descendencia e transformacións sociais de outros tipos: familias monoparentais, parellas de feito, retraso nas idades de maternidade e paternidade (facilitado por tratamentos de fertilización diversos), envellecemento da poboación e aumento de enfermidades asociadas á idade discapacitantes ou que requiren de diferentes tipos de apoio, etc.

Aínda que a incidencia é desigual, no ámbito das universidades tamén se detectou un significativo interese na implantación de prácticas e de medidas específicas que potencian a conciliación. Soen estar vinculadas aos servizos de prevención de riscos, saúde e seguridade no traballo e servizos de acción social, así como a acordos específicos entre as administracións autonómicas e as universidades (por exemplo, no caso de Andalucía). Tamén destaca nos último anos a creación de instancias propias e de programas que inclúen prácticas de conciliación: un bo exemplo diso é a recentemente constituída Rede Española de Universidade Saudables (REUS), que persigue a promoción da saúde e o benestar persoal e social de todos os membros da comunidade universitaria, ou a creación de Unidades ou Oficinas para a Igualdade de Xénero que varias universidades xa levaron a cabo.

En termos xerais, as políticas de conciliación da vida laboral e familiar perseguen un incremento equilibrado da eficacia e a produtividade no traballo xunto coa mellora substancial da calidade de vida –en todos os ámbitos: persoal, familiar, relacional e social- das persoas traballadoras. Estas políticas e prácticas diríxense ás distintas administracións, empresarios e

axentes e interlocutores sociais co obxecto de deseñar estruturas e estratexias organizativas capaces de xerar condicións de traballo específicas que favorezan a consecución do dobre obxectivo sinalado.

Aínda que soen orientarse cara aos colectivos máis vulnerables ou desfavorecidos: mulleres, inmigrantes, xoves, etc., en realidade poden incluír a todos os tipos de traballadores. As súas medidas atópanse relacionadas fundamentalmente con:

- Horarios de traballo (redución, flexibilidade, etc.).
- Licencias, permisos, excedencias e outras suspensións.
- Condicións retributivas e igualdade salarial.
- Sistemas de mobilidade protexida.
- Incremento de sistemas de teletraballo e uso de TICs.
- Programas de igualdade en promoción e desenvolvemento da carreira profesional.
- Medidas asistenciais, de acción social e de facilitación en tarefas de coidado.
- Outras medidas de prevención de riscos.

Se ben se trata dunha asunción implícita e en moitos casos nin sequera verbalizada, na vida académica en xeral mantense fortemente arraigada a crenza acerca do valor do traballador ideal (profesor/investigador ou persoal de administración e servizos), así como do alumno ideal, como alguén dedicado a tempo completo ao seu traballo, en ocasións incluso de maneira que practicamente resulta imposible cultivar outras parcelas da vida, alguén que debe antepoñer a súa actividade profesional, educativa ou de formación a calquera outra actividade ou situación persoal ou familiar. A preponderancia desta norma na vida universitaria converte en sospeitoso a que decide –ou se va obrigado- a dedicar unha parte do seu tempo e da súa enerxía a outras actividades familiares (vivir en parella, ter e criar fillos, coidar a persoas dependentes, etc.) ou persoais, de maneira que de forma explícita ou tácita soe ver cómo xorden obstáculos, esixencias e condicións que dificultan, cando non impiden abertamente, a normal realización das actividades profesionais, educativas ou formativas. A extensión e a forza desta norma pode ilustrarse con abundantes exemplos: profesores que rexeitan dirixir teses se a doutoranda se atopa embarazada; departamentos que dificulta e desincentivan a incorporación de mulleres novas ou en etapas fértiles (incluso en ocasións vulnerando dereitos fundamentais de igualdade) ou que estigmatizan a homes que se acollen ao seu dereito de solicitar permisos por paternidade; promocións sesgadas negativamente cara a mulleres con obrigas familiares; existencia de teitos de cristal para as mulleres tanto na súa promoción profesional como na participación en órganos de goberno; estudantes aos que se dificultan as súas actividades de aprendizaxe se traballa ou teñen responsabilidades familiares ou de

coidado; establecemento de prazos ou períodos a termo para realizar actividades en diferentes niveis (permanencia de estudantes, anos de duración de bolsas, estandarización de períodos de formación en bolsas FPI ou FPU); etc.

En contextos universitarios, de educación superior e de investigación, pódense identificar catro colectivos fundamentais, cuxas particularidades poden quizais requirir o deseño e a implantación de medidas diferenciadas ou específicas:

1. Conciliación no caso de estudantes de Grao (ou antigas titulacións de primeiro e segundo ciclo).
2. Conciliación no caso de estudantes de doutorado ou en período de formación de investigadores.
3. Conciliación no caso do persoal docente e investigador.
4. Conciliación no caso do persoal de administración e servizos.

Se ben é indubidable que en todos os casos deben garantirse medidas únicas (igualdade de dereitos, de oportunidades, de trato, etc.), parece posible identificar situacións e problemas específicos en cada un dos colectivos. A continuación enuméranse algunhas das máis importantes:

1. Conciliación no caso de estudantes de Grao (ou antigas titulacións de primeiro e segundo ciclo).
 - a. Estudantes que simultanean actividades laborais e educativas. (A implantación do Espazo Europeo de Educación Superior, que conleva a utilización xeneralizada de métodos de avaliación continua, pode dificultar aínda máis (e incluso, en certos casos, impedir) a simultaneidade de actividade laboral e aprendizaxe).
 - b. Mulleres estudantes que afrontan embarazo, maternidade e lactancia.
 - c. Estudantes (mulleres e/ou homes) que asumen de maneira permanente tarefas de coidado de persoas dependentes (descendente e/ou ascendentes ou parella).
 - d. Estudantes (mulleres e/ou homes) que asumen de maneira temporal tarefas de coidado e apoio de persoas próximas por enfermidades, accidentes, tratamentos médicos ou rehabilitadores, etc.
 - e. Posibles situacións que se agravan cando se combinan algunhas das anteriores (p.ex., mulleres inmigrantes que estudan, traballan e teñen fillos ao seu cargo).
2. Conciliación no caso de estudantes de doutorado ou en período de formación de investigadores.

- a. Estudantes de doutorado ou en período de formación como investigadores que simultanean actividades laborais e formativas.
 - b. mulleres estudantes de doutorado ou en período de formación como investigadoras que afrontan embarazo, maternidade e lactancia (ou as dificultades –e incluso, imposibilidade, a risco de perder a súa posición- de tomar libremente decisións deste tipo cando se atopan neste período).
 - c. Estudantes (mulleres e /ou homes) que asumen de maneira permanente tarefa de coidado de persoas dependentes (descendentes e/ou ascendentes ou parella) ou de maneira temporal tarefas de coidado e apoio de persoas próximas por enfermidades, accidentes, tratamentos médicos ou rehabilitadores, etc.
 - d. Dificultades ao atoparse en calquera das situacións anteriores debido á duración establecida e habitualmente improrrogable das bolsas ou programas de formación (bolsas FPI/FPU).
3. Conciliación no caso do persoal docente e investigador.
- a. Mulleres docentes e investigadoras que afrontan embarazo, maternidade e lactancia.
 - b. Mulleres e/ou homes docentes e investigadores que postergan a decisión de ter fillos ou formar unha familia polos riscos que supoñen para a súa carreira profesional (maiores nas mulleres)
 - c. Mulleres e/ou homes docentes e investigadores que asumen de maneira permanente tarefa de coidado de persoas dependentes (descendentes e/ou ascendentes ou parella) ou de maneira temporal tarefas de coidado e apoio de persoas próximas por enfermidades, accidentes, tratamentos médicos ou rehabilitadores, etc.
 - d. Mulleres e/ou homes docentes e investigadores que afrontan a situación de traslado da súa parella a outra cidade ou país.
 - e. Mulleres e/ou homes docentes e investigadores que deben realizar estancias de maior ou menor duración noutras universidades nacionais ou internacionais (imprescindibles para o seu currículo), cando teñen familia e responsabilidades persoais.
 - f. Mulleres e/ou homes docentes e investigadores que afrontan tratamentos médicos sobrevidos ou voluntarios (p. ex., de fertilidade), con consecuencias ou secuelas importantes, e que poden retrasar ou afectar negativamente a súa carreira profesional.

- g. Mulleres e/ou homes docentes e investigadores que afrontan procesos de adopción de niños que requiren prazos e estancias prolongadas en países estranxeiros, así como condicións posteriores de adaptación, e que poden retrasar ou afectar negativamente a súa carreira profesional.
4. Conciliación no caso do persoal de administración e servizos.
- a. Mulleres que afrontan embarazo, maternidade e lactancia.
 - b. Mulleres e/ou homes que postergan a decisión de ter fillos o formar unha familia polos riscos que supoñen para a súa carreira profesional (maiores nas mulleres).
 - c. Mulleres e/ou homes que asumen de maneira permanente tarefa de coidado de persoas dependentes (descendentes e/ou ascendentes ou parella) ou de maneira temporal tarefas de coidado e apoio de persoas próximas por enfermidades, accidentes, tratamentos médicos ou rehabilitadores, etc.
 - d. Mulleres e/ou homes que afrontan a situación de traslado da súa parella a outra cidade ou país.
 - e. Mulleres e/ou homes que afrontan tratamentos médicos sobrevidos ou voluntarios (p. ex., de fertilidade), con consecuencias ou secuelas importantes, e que poden retrasar ou afectar negativamente a súa carreira profesional.

Posibles medidas para potenciar a conciliación:

En primeiro lugar, convén sinalar a importancia de coñecer as medidas xa existentes e reguladas por lei relativas ás distintas situacións que requiren medidas de conciliación e, non menos importante, a súa aplicación e utilización. No contexto universitario deben difundirse tales medidas a todos os colectivos implicados, así como potenciar que os órganos responsables –reitores, decanos, directores de departamento- as apliquen e incentiven a súa utilización.

Ademais, para os casos concretos como os sinalados máis arriba e en aqueles nos que non existe medida ningunha, poden suxerirse os seguintes:

- Maior flexibilidade nos horarios de clase.
- Posibles ampliacións ou disposición de horarios de clase en intervalos ou períodos non habituais.
- Sistemas de orientación, asesoramento e mentoring para estudantes con limitacións temporais de dedicación en canto á súa actividade académica.
- Adaptacións curriculares para estudantes a tempo parcial.

- Apoio para estudantes ou profesores para que poidan conciliar o dereito ao estudo ou traballo coa lactancia.
- Disponibilidade de lugares para o coidado de fillos nas facultades e centros (para o profesorado e, eventualmente, para estudantes).
- Incremento do uso, tanto para estudantes como para membros do PDI e do PAS, de “teletraballo”, de tecnoloxías da comunicación e de realización de tarefas a distancia ou dende o propio domicilio, en situacións de coincidencia con outras actividades laborais, coidado de persoas dependentes, etc.
- Flexibilidade e adaptabilidade das dedicacións a tempo completo, con posibilidades de axustalas anualmente repartindo a súa carga de traballo segundo as situacións familiares, persoais, etc.
- Definición ou explicación de expectativas do que se entende por servizo, dedicación ou carreira académica tanto a nivel de departamento como de facultade, centro e universidade.
- Maior definición e precisión da carreira académica, docente e investigadora.
- Maior flexibilidade na dedicación a tarefas docentes ou de participación na xestión académica (que esixen presencialidade) e tarefas de investigación (que poden ser realizadas a distancia ou dende o domicilio particular) para os membros do PDI.
- Maior flexibilidade n políticas de licencias, permisos e excedencias voluntarias para o PDI e o PAS.
- Maiores coberturas de axudas ao coidado de ascendentes e descendentes e outras tarefas de coidado para os membros do PDI e o PAS.
- Axustes e/ou acoplamentos de horarios cando os dous membros da parella traballan na mesma institución e teñen persoas dependentes ao seu cargo.
- Políticas flexibles de traslados cando os dous membros da parella traballan na mesma institución e teñen persoas dependentes ao seu cargo.
- Políticas de bolsas e axudas para a parella cando un dos seus membros realiza unha estancia de investigación no estranxeiro ou no mesmo país de longa duración.
- Desincentivar a concentración de períodos de lactancia, vacacións e baixa maternal para impedir a súa incorporación ao trabalo. É habitual que as madres acumulen todos os días posibles para incorporarse despois. Con iso quizais non se reforza o exercicio destes dereitos, porque non se visualizan por parte dos demais. Simplemente, teñen máis días.

Por último, como suxestión xeral, suscítase que as universidades traballen e se esforcen máis en identificar, definir e expandir políticas, prácticas e reforzos que potencien o equilibrio entre a produtividade e a vida familiar e persoal de todos os membros da comunidade universitaria.

E recordar e subliñar sempre que sexa posible que o feito de contar con universidades onde realmente exista diversidade (de xénero, de raza e étnicas, de tendencias sexuais, de opcións de convivencia, de actividades laborais, sociais, comunitarias e de voluntariado, etc.) é o mellor modo para garantir un contexto educativo e de traballo onde cada membro logre expresar e desenvolver todo o seu potencial, ao mesmo tempo que sirva como un modelo e un espello para as sociedades.

Mesa de traballo

“TICs, plataformas e-learning e dereitos universitarios”

José Manuel Bayod

Defensor Universitario da Universidade de Cantabria

Joan Miró

Síndic de Greuges da Universidade de Girona

Introdución.

Os cambios tecnolóxicos de acceso á información, o extenso desenvolvemento da nova tecnoloxía de información e de comunicación (TIC) destas últimas décadas, inducen a pensar que moitas cousas van cambiar tamén nas universidades. Xa se advirten cambios na metodoloxía educativa e nos procesos administrativos. Cambiarán, se non cambiaron xa, moitos aspectos do labor investigador. E cambiar´na os hábitos ata o punto que as consecuencias dos cambios requirirán ter en conta os seus aspectos éticos.

O estudante dispón dun acceso á información máis fácil, unha información que se presenta moito máis atractiva que a tradicional, moito máis variada e en proporcións asombrosas. As posibilidades de participación na construción do coñecemento que o profesor pode utilizar son moi suxestivas. Dispón tamén de metodoloxías de estudo e de autocomprobación e de recursos para participar activamente na súa formación que conlevarán cambios certamente novos.

Pola súa parte o profesor ten ao seu alcance técnicas que permiten unha interacción moi ampla e constante co estudante. A renovación dos estudos universitarios tende a requirir

que o profesor introduza ditas técnicas na súa exposición de materias e, polo tanto, que realice unha posta ao día moi completa. En xeral, o profesorado deberá seguir unha formación específica e experimentar coas TICs.

As plataformas e-learning son ferramentas para a transmisión do coñecemento, a xestión da aprendizaxe, a realización de traballos e a avaliación utilizados no ensino a distancia. Permiten a autenticación, o control do usuaria, o traballo cos contidos, incluso en grupo, a realización de proxectos, a comunicación co profesor e outras funcións. Existen tipos distintos, con máis ou menos capacidade de xestión do contido e da aprendizaxe.

Non vamos describir as vantaxes e as posibilidades das TICs na transmisión de coñecemento nin vamos advertir contra os seus inconvenientes. Só trataremos de establecer qué tipo de recomendacións poden asumir os defensores universitarios para mellorar a calidade das nosas universidades mediante a introdución das TICs.

Comentarios críticos:

En opinión dalgúns estudantes, non sempre os profesores non os propios estudantes utilizan a nova tecnoloxía de maneira apropiada á súa finalidade formativa.

Creemos que a introdución das TICs non vai modificar os principios profundos do ensino, aínda que cambie o seu estilo. A humanidade viviu cambios de gran calado, que poden servir de analoxía, como a aparición do libro impreso ou, aínda máis importante, cando a escritura substituíu á memoria na transmisión do saber e a cultura e complementou a comunicación oral. Estas experiencias históricas poden servírnos de guía.

Os estudantes, nalgúns casos, din de certos profesores que se pasaron ao power point que simplemente substituíron o encerado pola pantalla, que agora corren máis e que se preparan menos as clases. A súa conclusión era que o mal profesor seguía sendo malo con power point ou sen el.

Outro aspecto que os estudantes nos confesaron é que ademais de recorrer a Internet para realizar os seus traballos –xa sabemos que existen direccións web que proporcionan todo tipo de traballos e de todos os niveis- recorren tamén en busca dos modelos de exame que acostuma a poñer o profesor que se repite aos tipos de proba test, coas súas respostas, cando o profesor se basea nunha batería de cuestións entre as que elixe as que comporán a proba. En certos momentos, puideron acceder a modelos de exame organizados por universidade e clasificados por materia e por profesor.

Estes feitos xa ocorrían antes. Non se dan porque exista Internet. Ao fin e ao cabo, podemos dicir cos estudantes que o bo profesor é bo con e sen Internet. Sempre existiu unha circulación de apuntes de clase, de coleccións de problemas, de informes de prácticas, de

modelos de exame, etc. Os textos que chegaron ata hoxe de Aristóteles e algúns dos que se publican de Hegel son apuntes dos seus alumnos.

Outro carácter ten o temor aos resultados negativos do cambio manifestado por algúns profesores e que foi exposto en diversos medios de comunicación. Estes profesores pregúntanse se os novos cambios non representan unha presión excesiva da metodoloxía pedagóxica ata o punto de ir en detrimento dos contidos das materias que son sacrificados á forma e ás normas que se establecen como condicións no desenvolvemento e avaliación de cada materia. En principio, espérase da madurez do estudante a conciencia do valor do esforzo e a súa participación na construción do coñecemento é unha decisión razoada que non require xogos estimulantes para facer atractivos os contidos.

O importante é que pensemos que as TICs van contribuír a mellorar o ensino, tamén o universitario, pero que non van substituír o ensino; que a metodoloxía anterior non deixará de existir, pero que non se trata de utilizar as TICs como se utilizaba, por exemplo, o encerado; que se potenciará a participación na construción do coñecemento de docentes e discentes, pero que quizais non sempre teremos diante un estudante en corpo e... mente. E que os nosos estudantes será quizais máis hábiles que nós, pero que xa son (ou deben ser) xente madura.

As TICs nos procedementos:

En primeiro lugar, é evidente que a relación entre os servizos universitarios e os membros da comunidade universitaria se poden personalizar co obxectivo de facilitar o acceso aos recursos administrativos, materiais docentes, exercicios, simulacións, consultas, etc. As universidades puxeron a punto sistemas de acceso á información que cobren estes obxectivos. A súa extensión personalizada significa que todo membro da comunidade universitaria poida atopar no seu dominio a información que lle afecte persoalmente, a correspondencia administrativa, os avisos de prazos que debe cumprir... En contrapartida, deberán aumentar as medidas de seguridade no manexo de ficheiros dixitais de carácter persoal.

Non pensemos que a comunicación dixital suprimirá a persoal directa. Esta cambiará, pero non desaparecerá. O trato dos servizos administrativos cos membros do sector do persoal docente e investigador e co sector dos estudantes persistirá coas dificultades de relación entre persoas que xa coñecemos. Sen embargo, é de esperar que as queixas sobre falta de información, incluso a que se distribúe a través do correo electrónico, se reduzan.

As TICs na aula e nas avaliacións:

O proceso de adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior e a renovación do ensino universitario, que dá un maior protagonismo ao estudante na súa formación,

reconsiderou a participación do estudante na aula, seminario ou laboratorio e, así mesmo, a asistencia a clase. Aparentemente, hai unha contradición entre este presuposto, a introdución das TICs e a tendencia ao absentismo constatada en estudos universitarios. A contradición pode ser aparente: o bo profesor conseguirá transmitir coñecementos con éxito aínda que os estudantes non asistan a clase, porque teñen acceso a ela con novos recursos tecnolóxicos.

A comunidade universitaria poderá exercer os seus dereitos e cumprir cos seus deberes –os que figuran nos Estatutos das respectivas universidades e na lexislación xeral- con maior facilidade (sen esquecer a problemática do manexo de ficheiros informáticos de carácter persoal).

É posible que os problemas principais aparezan no momento de avaliar o traballo dos estudantes.

PARTE V:

REFLEXIÓNS XERAIS E RECOMENDACIÓNS

REFLEXIÓNS XERAIS

O número de entrevistas que deron lugar a consultas e intervencións supera amplamente ao de expedientes, que teñen actualmente un contido conflitivo máis peculiar e diferenciador que os de anos anteriores. A diminución paulatina do número de expedientes dende os últimos anos vai parella co aumento e estabilización das consultas, feito que nos ven a confirmar que o tempo dedicado a estas repercute nun descenso de expedientes, proceso que só se leva a cabo cando se esgotan as vías de consenso ou por observar unha flagrante violación dos dereitos universitarios.

Actualmente, a Universidade de Vigo posúe a menor proporción (número de expedientes/número do colectivo universitario) entre todas as institucións académicas do estado. (A modo de comparación, no período 1999/2000 a Universidade de Vigo estaba no polo oposto, cun alto número de expedientes e un baixo número de consultas). Este punto de inflexión indica un cambio substancia no comportamento do colectivo universitario. É un camiño emprendido hai anos que, sen desaparecer a inevitable conflitividade existente en calquera colectivo social, implica un novo talante na concepción da presentación das queixas, debido todo iso a unha maior reflexión e coñecemento dos nosos dereitos e obrigas.

Tamén se pode comprobar que o tempo medio de resolución dos expedientes (14 semanas) foise incrementando nos último anos debido a que algúns temas obxecto de reclamación foron máis complexos e o seu diagnóstico, con réplicas e contrarréplicas, requiriu, nalgúns casos, unha exhaustiva información documentada para a súa conclusión.

Así pois, as Recomendacións ditadas sobre algunhas queixas formuladas poden servir de guía e norte para ditames de outras reclamacións presentadas que poidan xurdir dentro das similares casuísticas obxecto do tema analizado. Desta forma, púidose cimentar unha estrutura, en canto ás recomendacións ditadas polo Tribunal de Garantías, que unifique criterios para conseguir unha mellor homoxeneidade no tratamento das queixas presentadas, sinalando ao equipo de goberno os puntos recorrentes que son obxecto de conflitos para a súa reforma, se procede, nos regulamento ou normativas utilizados, tal como así se fixo sobre a avaliación curricular ou por compensación, a avaliación docente, petición de revisión de exames por tribunais externos, etc.

RECOMENDACIONES

1) Este Tribunal de Garantías incide de forma contundente e fai constar que a cualificación que figura na acta de calquera estudante debe representar a valoración do seu esforzo medido a través dos criterios que elaborara un determinado Departamento. A denominada liberdade de cátedra refírese á liberdade do docente a establecer a súa metodoloxía pedagóxica nas clases lectivas e á súa forma de avaliación da materia impartida. Por iso, ten que cuantificarse toda a labor do alumnado (prácticas, teoría...) ponderándose libremente cada apartado. Non pode, por tanto, ningún docente deixar de avaliar todas e cada unha das partes que puideran constituír un determinado exame, aínda que as partes non sexan compensatorias entre si.

2) Acusacións vertidas en correos electrónicos enviados a contas de correo sobre aspectos de funcionamento da universidade debe ser abordado polos órganos de goberno ao afectar directamente ao prestixio desta institución xa que, en moitos casos, son opinións non contrastadas.

3) A tardanza na entrega tanto do Suplemento Europeo dos Títulos, como dos Títulos oficiais é unha das queixas que os recentemente graduados ou licenciados presentan. As razóns que, con carácter oficial, se argumentan non son do todo admisibles, pois nas outras universidades galegas este feito non sucede.

4) Recoméndase, unha vez máis, a importancia que ten, para evitar conflitos académicos, a constitución rigorosa e estrita, no formalística, dos tribunais extraordinarios de 5ª, 6ª e 7ª convocatorias, así como a súa corrección por parte dos tribunais correspondentes.

5) A Universidade de Vigo é peculiar e diferenciadora fronte a outras españolas xa que, no curso 2008/09, o 42,6% do seu alumnado estaba matriculado en titulacións de ciclo curto, cuxa distribución por campus e centros era a seguinte:

Enxeñería Técnica Agrícola (198). Estudos Empresariais, Ourense (673). Turismo (186). Mestre, Ourense (955). Traballo Social (229). Educación Social (231). Enxeñería Técnica Informática de Xestión (485). Mestre, Pontevedra (1.193). Enxeñería Técnica de Industrias Forestais (180). Xestión e Administración Pública (160). Fisioterapia (188). Enxeñeiros Técnicos de Telecomunicacións (385). Estudos Empresariais, Vigo (897). Enxeñería Técnica Industrial (2.008). Relacións Laborais (428).

Así pois, estes 8.388 estudantes requiren unha preparación específica co obxectivo de adaptarse ás demandas non investigadoras, que a sociedade establece. Por tanto, a misión docente do profesorado residirá en preparamos para un mundo laboral cambiante, motivo polo

cal deberase centran nun dos obxectivos básicos de calquera institución universitaria, isto es, ensinar a pensar.

O constatado absentismo estudantil a clases lectivas estanos a falar de que non debemos descoidar a docencia en aras de outras actividades académicas. Unha profunda reflexión sobre o que a sociedade nos demanda resulta prioritaria para interrelacionar e/ou diferenciar, segundo o tipo de titulación os pesos específicos que deben primar a docencia e a investigación. Só así se desenvolverá unha universidade equilibrada que dea contas á sociedade, de quen depende orzamentariamente, sobre o seu éxito en docencia (loitar contra o absentismo) e en investigación (metas logradas por grupos de investigación).

Así pois, consideramos que a efectiva mellora da Universidade de Vigo se consegue co traballo do día a día, corrixindo aquilo que a experiencia nos indica de debe ser corrixido.

ANEXOS:

a) ENTIDADES ÁS QUE PERTENCE O TRIBUNAL DE GARANTÍAS

b) NORMATIVA POLA QUE SE REXE O TRIBUNAL DE GARANTÍAS

a) **ENTIDADES ÁS QUE PERTENCE O TRIBUNAL DE GARANTÍAS**

A Comisión Executiva da Conferencia Estatal de Defensores Universitarios, creada o 26 de outubro de 2007, á que pertence este Tribunal de Garantías, reuniuse ao longo do pasado ano nas universidades de Alcalá de Henares, Zaragoza, Vigo, Complutense de Madrid e Sevilla tratando temáticas comúns que afectan a todas as universidades.

Este Tribunal de Garantías, pertence á organización European Ombudsmen in Higher Education (ENOHE), que celebra un encontro anual. O primeiro foi en Amsterdam (2004), seguidos de Madrid (2005), Zurich (2006), Amberes (2007), Londres (2008) e Hamburgo (2009), asistindo participando en debates e mesas redondas.

Así mesmo, dende o 4 de xuño de 2007, o Tribunal de Garantías pertence como Membro Asociado Honorario á REDDU (Rede de Defensores Mexicanos).

b) NORMATIVA POLA QUE SE REXE O TRIBUNAL DE GARANTÍAS

ESTATUTOS

CAPÍTULO II

DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS

Artigo 141

O Tribunal de Garantías é o comisionado do Claustro Universitario para a defensa dos dereitos dos membros da comunidade universitaria. Para estes efectos, poderá supervisar a actividade de administración universitaria dándolle conta ao claustro. Exercerá as funcións que se lle encomenden nestes estatutos e nas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 142

O Tribunal de Garantías está facultado para admitir calquera queixa ou reclamación que lle sexa presentada en que estea a ser denunciado o incumprimento da legalidade ou calquera dano aos intereses lexítimos da persoa denunciante nas relacións coa Universidade de Vigo, aínda que non haxa infracción estrita da legalidade.

Artigo 143

1. O Tribunal de Garantías, elixido no claustro entre todos os membros da comunidade universitaria, componse de nove membros:

- a) A defensora ou defensor universitario, que o preside, elixido polo conxunto do claustro.
- b) Dous membros elixidos polos representantes do profesorado doutor con vinculación permanente á Universidade.
- c) Dous membros elixidos polos representantes do resto do persoal docente e investigador.
- d) Dous membros elixidos polos representantes do alumnado.
- e) Dous membros elixidos polos representantes do persoal de administración e servizos.

2. Na súa composición procurarase o equilibrio entre homes e mulleres.

3. Todos os membros serán elixidos por unha maioría de 2/3 dos presentes do sector correspondente, no caso da defensora ou defensor universitario a maioría de 2/3 precisarase entre os claustrais asistentes á sesión.
4. As persoas que compoñen o Tribunal de Garantías non estarán suxeitas a mandato imperativo ningún.
5. Un regulamento aprobado polo claustro fixará o funcionamento do tribunal, os seus medios materiais e a duración do mandato, que non poderá exceder de catro anos. As decisións do Tribunal de Garantías serán adoptadas pola maioría dos votos dos asistentes ás reunións e o voto de calidade do presidente resolverá os empates.
6. A defensora ou defensor universitario dará conta anualmente, nun informe que presentará ante o Claustro Universitario, da xestión realizada polo Tribunal de Garantías.

Artigo 144

Os membros do Tribunal de Garantías cesarán por algunha das causas seguintes:

- a) Por pedimento propio.
- b) Por expiración do prazo do seu nomeamento.
- c) Por causa legal procedente.
- d) Por perda das condicións necesarias para ser elixido.
- e) Por revogación de todos os membros do Tribunal de Garantías, cando así o acorde o claustro por maioría absoluta.

Artigo 145

O Tribunal de Garantías, no desenvolvemento das súas funcións, poderá:

- a) Exixir, de oficio ou por pedimento da parte interesada, toda a información que considere oportuna para o cumprimento dos seus fins.
- b) Elevarlle informes ao claustro e, se é o caso, propostas de repercusión dos danos estimados.
- c) Xestionar diante dos órganos competentes a corrección dos defectos observados no seu funcionamento.
- d) Requirir do órgano universitario competente a satisfacción do oportuno «interese lexítimo».
- e) Proponerlle ao claustro un voto de censura contra o titular dun órgano unipersoal que, a pesar dos requirimentos, non modifique a súa conduta contraria a dereito.

REGULAMENTO DO TRIBUNAL DE GARANTÍAS-

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1

O Tribunal de Garantías é o comisionado da Universidade de Vigo para a defensa e protección dos dereitos e intereses lexítimos dos membros da Comunidade Universitaria, sendo a súa finalidade fundamental a contribución ao bo funcionamento da Universidade de Vigo. No exercicio das súas funcións, rexerase pola lexislación xeral aplicable, polas disposicións específicas contidas nos Estatutos da Universidade de Vigo e no Regulamento do seu Claustro e polas Normas deste Regulamento.

CAPITULO II: COMPETENCIAS E GARANTÍAS NO EXERCICIO DO CARGO

Artigo 2

Os membros do Tribunal non estarán sometidos a ningún mandato imperativo de ningunha instancia universitaria nin recibirán instrucións de ningunha autoridade ou órgano de Goberno. Ningún membro poderá ser expedientado ou sancionado por razón de opinións que formule ou polos actos que realice no exercicio lexítimo das súas funcións.

Artigo 3

No exercicio das súas funcións, o Tribunal actuará formulando suxestións, propostas e recomendacións aos responsables inmediatos dos servizos da Universidade, aos responsables máximos universitarios e á persoa ou persoas implicadas sobre as medidas que se deberían adoptar para eliminar as deficiencias ou problemas observados, e, igualmente, achegando posicións das partes en conflito.

Artigo 4

A condición de membro do Tribunal de Garantías é incompatible co desempeño de calquera cargo unipersoal de goberno da Universidade.

Artigo 5

Todos os órganos de Goberno e todos os membros da Comunidade Universitaria teñen o deber de colaborar co Tribunal no exercicio das súas funcións, que, para tal efecto, terá a consideración de Autoridade, non podendo negárselle o acceso a ningún expediente ou documentación relacionada co obxecto da investigación, sen prexuízo do respecto debido aos dereitos e liberdades das persoas. O Tribunal garantirá a máxima discreción posible nas súas actuacións.

Artigo 6

O Tribunal de Garantías poderá delegar no seu Presidente o desenvolvemento dos asuntos de trámite que aquel considere oportunos, debendo dar conta ao Tribunal, nas sesións ordinarias, de todos os temas tratados.

CAPÍTULO III: PROCEDEMENTO DAS ACTUACIÓNS DE MEDIACIÓN E CONCILIACIÓN

Artigo 7

7.1. Todo pedimento de mediación ao Tribunal de Garantías realizarase mediante escrito, no que conste con claridade o motivo e alcance da pretensión que se formula, os nomes dos solicitantes ou, de ser o caso, o colectivo universitario en representación do que actúan.

7.2. Dentro do prazo dos sete días seguintes a aquel en que fose recibido un escrito de pedimento de mediación, o Presidente do Tribunal de Garantías dará traslado do mesmo a todos os sectores implicados recabando contestación escrita na que se manifieste expresamente se se acepta ou non a mediación.

7.3. Se no prazo dos quince días seguintes á data de envío deste escrito non se recibise contestación negativa na oficina do Tribunal de Garantías, entenderase que a mediación deste foi aceptada.

Artigo 8

Cando todas as partes implicadas acepten a súa mediación, o Tribunal de Garantías poderá iniciar calquera investigación ou actuación conducente á solución dos desacordos e enfrontamentos que se produzan entre os diferentes sectores da comunidade universitaria.

Artigo 9

9.1. O Presidente do Tribunal de Garantías comunicará por escrito aos sectores implicados que dispoñen dun máximo de quince días para que poidan formular por escrito as súas pretensións e presentar os documentos nas que as fundamentan.

9.2. Concluído o prazo precedente, o Presidente do Tribunal de Garantías convocará aos sectores implicados a unha sesión conxunta na que se intentará a conciliación, informando e razoando sobre as alegacións que se formulen e proponendo fórmulas transaccionais das cuestións controvertidas.

9.3. As conclusións e acordos que resulten da sesión de conciliación recolleranse nunha acta que será asinada polo Tribunal de Garantías e polos sectores implicados, a cal terá carácter vinculante.

CAPÍTULO IV: PROCEDEMENTO NA TRAMITACION DE QUEIXAS E RECLAMACIÓNS

Artigo 10

As actuacións do Tribunal poderán iniciarse de oficio, sobre aquelas materias universitarias que considere oportunas, ou por instancia de parte. As queixas, tanto individuais como colectivas, formularanse por escrito no prazo máximo de dous meses dende que se tivese coñecemento dos feitos que motivaron a solicitude de intervención.

Artigo 11

As queixas ou reclamacións dirixiranse ao Presidente do Tribunal, debéndose presentar no rexistro que para tal efecto se habilitará na sede do Tribunal ou en calquera dos rexistros da Universidade. Nas mesmas se fará constar as xestións realizadas previamente perante a Administración Universitaria, e se achegará a documentación necesaria para facilitar a tramitación da queixa ou reclamación formulada. En ambas as dúas figurarán os datos persoais e a sinatura do ou dos interesados, números do DNI e domicilio para os efectos de notificacións.

Artigo 12

12.1. O Tribunal de Garantías, nun prazo máximo de 15 días, contestará motivadamente respecto de se procede ou non a admisión a trámite das queixas ou reclamacións recibidas. Rexeitaranse as anónimas, as formuladas sen fundamento suficiente (logo de informe da

Asesoría Xurídica), as que estean sometidas a instancias xudiciais e aquelas que estean pendentes dun expediente administrativo sancionador. En todos os casos, darase traslado ás persoas interesadas da motivación que fundamentou a inadmisión. O anterior non impedirá, sen embargo, a investigación sobre os problemas xerais suscitados por ditas queixas.

12.2. Cando das actuacións practicadas se desprenda que unha queixa foi orixinada polo abuso, arbitrariedade, discriminación, erro, negligencia ou omisión dun membro da comunidade universitaria ou dun órgano colexiado, o Tribunal presentará un informe ao Reitor para que tome as medidas axeitadas para o restablecemento da situación perturbada.

12.3. O Tribunal de Garantías comunicará as recomendacións positivas ou negativas aos órganos académicos correspondentes, solicitándolles que nun prazo de 15 días dende a súa recepción comuniquen a dito Tribunal se aceptan ou non a recomendación.